

ciativa pública. A regulación das fundacións avanzou desde o recoñecemento do dereito a fundar para fins de interese xeral na Constitución, coa Lei de 1994 e coas normas, substantiva e fiscal, de 2002 e a aprobación das diferentes normas autonómicas, recoñecendo así o importante papel das fundacións. Non obstante, son desexables algunhas melloras que permitan ás fundacións incrementar a súa actividade e adaptarse ao contorno económico no que esta se desenvolve. Analizaranse aqueles aspectos da regulación destas entidades, desde a perspectiva autonómica e estatal, nos que pode innovarse e expoñerse algunhas propostas que poden contribuír a este avance.

13:00 h. AS FUNDACIONES CULTURAIS ESPAÑOLAS DO SÉCULO XXI. ASPECTOS XURÍDICOS SUBSTANTIVOS E FISCAIS DE ACTUALIDADE

Raimon Bergós

Avogado. Secretario xeral da Coordinadora Catalana de Fundacións

Valoración crítica: diferenzas teóricas e prácticas da normativa catalá de fundacións (Lei 4/2008 do Libro terceiro do Código Civil de Catalunya, relativo ás persoas xurídicas) respecto á normativa galega e estatal de fundacións. Incentivos fiscais a favor dos benefactores das fundacións. Cuestións fiscais pendentes en materia de fundacións. Responsabilidade dos patróns das fundacións. Código ético e bo goberno das fundacións.

14:00 h. XANTAR

16:00 h. FUNDAÇÃO DE SERRALVES – UN CASO SINGULAR

Odete Patrício

Directora Geral da Fundação Serralves

A partir dunha ollada sobre as diferentes tipoloxías de que se revisten as fundacións en xeral e sobre a realidade das fundacións en Portugal, esta presentación vai incidir de forma particular sobre o modelo de asociación, innovador e arriscado, no que instituiu a Fundación en 1989 e sobre a súa dirección. Percorrendo a súa evolución, de máis de 20 anos, será analizada a súa xénese, a súa misión, visión e valores e o seu plan estratéxico. Exposto o seu marco estratéxico, será analizado o seu modelo de xestión, nos compoñentes de planeamento, programación, mercadotecnia, orzamentos, control de xestión e rendición de contas. Será tamén abordado o compoñente organizacional e a política de recursos humanos, igual que o seu modelo de financiamento. Alén diso será detallada a inserción da Fundación na comunidade nacional e a súa estratexia de internacionalización. Por último, incidirase na temática dos indicadores de actuación e os niveis alcanzados por Serralves.

17:00 h. AS FUNDACIONES CULTURAIS: CONTEXTO, MODELOS DE NEGOCIO E O CASO DE GALICIA

Marta Rey

Profesora e investigadora de Administración e Dirección de Empresas da Universidade da Coruña

Os obxectivos serían contextualizar as fundacións culturais no eido do sector non lucrativo, expoñer os distintos modelos de negocio empregados para xestionalas e explorar as particularidades do caso galego.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º
Praza do Obradoiro. 15705
Santiago de Compostela

T: (+34) 981 957 202
F: (+34) 981 957 205
W: consellodacultura.org
M: difusion@consellodacultura.org